

A retirada da exposición fotográfica a "criminalización do pensamento" do Colectivo Republicano de Redondela responde a motivos ideolóxicos.



Nesta mostra recóllense fotografías que forman parte da historia desta vila, da nosa bisbarra e do Estado Español, polo que **dende AER esiximos a súa reposición e mostramos o noso apoio e solidariedade ao Colectivo Republicano de Redondela.**

As fotografías non menten, son pequenos recortes da historia, historia que ao noso parecer, o Partido Popular quere ocultar.

A exposición recolle imaxes da loita dos traballadoras e traballadores de Regojo ante o seu peche que afectou practicamente a todas as familias deste concello, recortes de xornais sobre os últimos fusilados polo réxime franquista, destacando o vigués José Humberto Baena Alonso; e imaxes das protestas en contar da guerra de Iraq, entre outras.

Escudándose primeiro nunha suposta denuncia da comisaría da Policía Nacional de Vigo e logo nunhas suposta chamadas duns veciños, o goberno do Partido Popular decidiu retirar esta exposición do Multiusos da Xunqueira.

En marzo do 2015, situouse neste mesmo espazo unha exposición sobre o exército do aire. Nesta exposición aparecían, entre outros, o irmán de Franco; e o considerado fundador do exército do aire, Alfredo Kindelan, criminal de guerra, xefe da aviación sublevada durante a Guerra Civil e responsable último dos centos de mortes provocadas polos bombardeos da aviación sublevada a poboacións da zona republicana.

O goberno do Partido Popular fixo caso omiso das queixas desta Agrupación, doutros colectivos e de particulares sobre o contido desta exposición.

Temos que lembrar que esta exposición sobre o exército do aire motivou a retirada antes de tempo doutra que estaba neste espazo, así como o retraso da inauguración xa programada anteriormente da mostra sobre a Muller polo 8 de marzo. Ademais, o Concello pagou un elevador para descargar o material, pintou as salas e cambiou luces a todo correr para a mesma.

Visto o anterior, pode comprobarse que **a retirada da exposición do Colectivo Republicano de Redondela responde a motivos ideolóxicos e a unha censura máis acorde con tempos pasados, pero que o Partido Popular ten gravado a lume no seu ADN.**

Lamentablemente e tal como indica o título da exposición, neste Estado e neste pobo séguese a CRIMINALIZAR O PENSAMENTO.

O Concello é unha administración e debe seguir os pasos administrativos (escritos e que deixen constancia) para retirar unha exposición. Hai queixas por escrito? Hai un informe xurídico da presunta ilegalidade? Hai unha resolución da clausura da ilegalidade? Non. E todo isto produce indefensión ante o colectivo (que non pode repoñer a legalidade nin defender os seus dereitos).

Por outra banda, aínda que se fixeran as cousas de palabra (que non se poden facer na administración), están mal feitas: se ti tés un aviso de que unha exposición está xerando problemas e queres solucionalo, o lóxico é que te reúnas co colectivo que organiza a exposición, que lles expliques o que pasa e que intentes solucionar o problema.

Actuar de xeito contrario é unha xogada trapalleira, pero tamén interesada no momento que vivimos, despois de que o alcalde despregara a bandeira de Redondela coa Policía Nacional a semana pasada.

O Equipo de goberno de Redondela ten aires de grandeza e quere que Rajoy se entere de que aquí tamén se apoia ós corpos de seguridade que tan ben foron mandados en Cataluña, no Rodea o Congreso, nas manifestacións das Marchas da Dignidade, etc

Redondela, 5 de outubro do 2017